



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 24 DE NOVEMBRO DE 2008**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
Dña. Teresa Perez Vieira
D. Manuel A. Gonzalez Marcote

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

NON ASISTIU: Dna.Emilia Giráldez Ramirez

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a vintecatro de novembro de dous mil oito, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasandose ó tratamento do único asunto da Orde do Día.

O Sr.Alcalde fai un recoñecemento a duas persoas veciñas de Baiona falecidas estes días: a Dna. Teresa Miranda “Teresina”, como era coñecida na Vila, cuio pai fora Alcalde do Concello de Baiona, e a D.José Carneiro, colaborador nas actividades culturais do Concello dende fai moitos anos.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

1.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE BAIONA REDACTADO POLA CONSULTORA SERVICAT.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra. Simons, Concelleira de Urbanismo, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

En data 14/12/ 2007 o Concello de Baiona remitiu a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baiona redactado pola consultora SERVICAT ó obxecto de que consonte o artigo 86 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUPMRG) se emitise o informe previo da Consellería.

Que en data 27/12/2007 e posteriormente en data 31/01/2008 a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes require o Concello a emenda da documentación.

Que en data 2/01/2008 e posteriormente 2/04/2008 e 3/04/2008 o Concello de Baiona emendou a documentación solicitada.

Que transcorrido o prazo dos tres meses sen que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes emitise o informe previo o concello solicitou novamente en data 9/07/2008 a Consellería a emisión do informe previo consonte o artigo 86 LOUPMRG.

Que a data da sinatura desta proposta e transcorridos máis de seis meses dende a remisión completa do documento do Plan Xeral de ordenación Municipal do Concello de Baiona a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ésta non emitiu o informe previo.

Que o artigo 86 da Lei 9/2002 sinala "Rematada a fase de elaboración do planeamento, e inmediatamente antes da súa aprobación inicial, o expediente completo seralle remitido ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe, que deberá ser emitido no prazo de tres meses. Transcorrido este prazo, poderá continua-la tramitación do plan."

O expediente consta de informe de data 9/05/2008 da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar de conformidade co artigo 112 y 117.1 da Lei 22/88 de Costas.

O expediente consta do informe da Deputación Provincial de Pontevedra de data 5/02/2008 en relación co artigo 15.4 da Lei 4/94, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia.

Igualmente remitiuse o expediente a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para emisión de informe consonte o establecido no artigo 15.4 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia pero, unha vez subsanada a documentación presentada, non emitíuse o informe en prazo.

E por isto polo que consonte o establecido no artigo 86 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia propoño ós membros do pleno, previo informe da Comisión de Seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal o seguinte:

Primeiro.- Aprobación inicial do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona redactado pola consultora SERVICAT.

Segundo.- Someter o expediente a período de exposición ó público polo prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará en el Diario Oficial de Galicia y en dos de los periódicos de mayor difusión en la provincia.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Tercero.- Dar audiencia deste acordo ós municipios limítrofes.

Cuarto.- Remitir o expediente ás administracións públicas competentes ó fin de recabar os informes sectoriais oportunos.

Quinto.- Suspender ó abeiro do artigo 77 LOUPMRG as licenzas urbanísticas nas seguintes areas afectadas:

A. Según denominación do documento sometido a aprobación inicial.-

1.- En solo urbano non consolidado: As áreas de Reparto AR-01 a AR-30 ambas inclusive, e o APD-6 (Covaterreña), cunha superficie total de 34,03 Ha.

2.- En Solo Urbanizable Delimitado:

Sector	Denominación
SUD-1	Baredo-Portela
SUD-2	Baredo-Os Portelos
SUD-3	Baredo-A Ponte
SUD-4	O Cruceiro
SUD-5	Outeiro
SUD-6	O Burgo
SUD-7	O Xuncal
SUD-8	A Igrexa

Cun total de 104,35 Ha

3.- En Solo Urbanizable non delimitado

Area	Denominación
SUND-1	Baredo-Portela
SUND-2	Ponte - O Carballo- A Torre
SUND-3	Os Eidos
SUND-4	Medialdea - Urgal
SUND-5	leira - Sopegal - O Caeiro
SUND-6	Viso de Calvos - Xuncal
SUND-7	Covaterreña - Loureiral

Cun total de 168,52 Ha

4.- Núcleos rurais.- Suspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e o novo PXOM.

5. Suelo rústico.- Súspondense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona y el nuevo PXOM.

B.- Según denominación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1994:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Todas áreas de solo urbano con aplicación da Ordenanza 4, nos seus grados A, B y C, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas áreas de suelo urbano de núcleo rural con aplicación de la Ordenanza 8, en sus grados A y B, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas áreas de suelo no urbanizable de núcleos rurales con aplicación de la Ordenanza O-10 de núcleo rural y Ordenanza O-10B de tolerancia exterior, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos.

No obstante a suspensión de licencias non afectará ás solicitudes de licenzas de obra menor relativas as de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, que no seu caso se outorgarán sen dereito a indemnización e sen prexuízo da obtención doutras autorizaciónes.

CONTINUA.- Aclarar que el Plan Xeral está en fase de un documento técnico elaborado por un equipo redactor, bajo directrices generales políticas, pero esto no significa que en el trámite de información pública estemos todos y por ello pedimos la implicación de todos los grupos políticos; que piensen en este documento con coherencia y responsabilidad dado que estamos planificando el futuro crecimiento y desarrollo a 15, 20 años, de nuestro pueblo. Muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- O partido socialista asume con absoluta responsabilidade o Plan Xeral que hoxe se presenta a aprobación e tamén asume con absoluta responsabilidade o tempo que a partir do Pleno de hoxe escomenza para o futuro de Baiona, para os próximos 15 ou 20 anos. Con respecto ó proxecto que se nos presenta, que a partir de hoxe deixa de ser un Plan dun equipo redactor e pasa a ser xa o Plan que propón o equipo de goberno para aprobación, nós temos que decir que en principio non nos gusta, non é un Plan que para nós poida servir como base clara e queremos facer unhas cantas consideracións para xustificar esta posición negativa á aprobación deste Plan.

Decir que en principio botamos en falta o informe de Política Territorial, parécenos que sería imprescindible (polo que dixo antes a concelleira a día de hoxe non chegou) para poder aprobalo; tamén sorprende, aínda que non sexa obrigatorio, que o técnico municipal, tampouco diga nada sobre este Plan; sabemos que non é necesario pero entendemos que nun proxecto deste tipo os técnicos municipais deberan dar a súa opinión e constar neste expediente.

Entrando xa na crítica deste Plan, entendemos que parte dunhas bases erróneas; a primeira base errónea da que parte é a previsión de crecemento de poboación en 15 anos; o Plan que se nos presenta prevee un crecemento de poboación residente de 2007 a 2022 de 8.872 habitantes (de poboación vinculada á residencia), isto sería un aumento dun 4,95%, case un 5%; e dí nese mesmo informe, na memoria xustificativa, que a previsión de crecemento é a media deste último século en Baiona cando en ningún momento, en ningún ano, se produxo un aumento superior ó 2%; polo tanto esta previsión xa comenza cuns plantexamentos non reais.

O mesmo ocorre coa poboación vinculada non residente; esta previsión errónea do crecemento nos leva á conclusión de que pode haber tamén unha previsión errónea da necesidade de vivendas; aquí tómanse en consideración as vivendas que existían no ano 2001, cando de momento, xa no 2006, o Instituto de Vivenda decía que se estaban construíndo 146 vivendas máis, e estamos vindo que en Sabarís hai unha bolsa de vivendas que oscila entre 500 e 600, polo tanto xa estamos partindo doutro dato erróneo que é considerar que o Plan finou no 2001 en vez de no



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2007; entendemos que se a base das vivendas necesarias, da poboación existente, se fai tomando como dato as vivendas que hai no 2001 estamos xa cometindo un erro porque entre 2001 e 2007 pois pode haber un aumento de vivendas, polo tanto ese dato sería non real e estaríamos dando validez a unha base errónea.

Respecto ás distintas clasificacións do solo, o PSOE de Baiona non pode máis que sentirse preocupado pola gran extensión de solo urbano que se vai a establecer neste Plan, sen unha adecuada planificación da necesidade dos veciños e incluso con algunha dúbida sobre a calificación dalgúns terreos definidos como solo urbán que cumpran as esixencias da lei 9/02, e en particular no referente ó solo urbán non consolidado.

No solo urbanizable a nós parécenos excesiva esa gran extensión de 550.000 m2 de superficie construída, entre solo delimitado e non delimitado, tendo en conta a pouca credibilidade de previsión de necesidade de vivenda esa cantidade de solo urbanizable non parece estar xustificada, en concreto as superficies destinadas en Baredo e as que se sitúan fora do terreo limitado pola AG-57.

Nos núcleos rurais temos dúbidas de que as áreas de expansión cumpran o que determina a Lei do 2002, o crecemento proposto é confuso, hai un excesivo crecemento nos núcleos rurais; éste é outro dos aspectos que poñemos en dúbida e que creemos que hai que modificar.

Equipos dotacionais. É sorprendente que no equipamento docente actual se teñan 40.000 m2 e resulta que con esa previsión que se fai de crecemento, de que se vai a duplicar a poboación en 15 anos en Baiona, teñamos só unha previsión de menos de 3.000 m2 en aumento dotacional docente, polo tanto hai unha carencia importante no campo docente; nos parece que hai incapacidade neste Plan de dar servizos para o futuro de Baiona; isto é algo que tamén pediremos no seu momento que se modifique.

Outra cousa que tamén nos preocupa deste Plan son os desequilibrios que se poden dar entre as distintas Parroquias a nivel de dotacións porque parece que se está ponderando a unhas máis que a outras; entendemos que debe facerse un estudio que resolva este desequilibrio e dé importancia a todas as Parroquias; neste aspecto sorprenden as declaracións no Faro de Vigo o 13 de setembro cando se falaba da zona dotacional dunha área deportiva anexa ó Centro Cultural de Bahiña, daquela decíase que non se podía facer esta intervención de construír pistas deportivas porque o Plan non estaba aprobado e resulta que agora no Plan que nos presentan tampouco aparecen este tipo de equipamentos; sorpréndenos; é algo que vamos a pedir no seu momento que se incorpore.

En canto á Lei de Costas, o único que queremos dicir é que temos dúbidas de que nalgún momento non se cumpra a Lei, entón vamos a esixir que a Lei se cumpra neste capítulo.

Para o grupo municipal socialista in apartado importante é o das vivendas protexidas; entendemos que este é o momento de facer un compromiso por parte da Corporación, gustaríanos que houbera un compromiso concreto, serio e claro, de que nos próximos anos se estudie a necesidade de vivendas en Baiona para os nosos veciños e que haxa un compromiso neste Plan nese sentido; polo tanto o noso voto neste momento vai ser contrario á aprobación deste Plan.

Explicado xa este primer apartado diremos que tanto o Partido Socialista como o grupo municipal que aquí o representa, entendemos que son momentos de absoluta responsabilidade para Baiona polo que hai que empezar a falar da política con letras maiúsculas, que hai que participar e traballar conxuntamente para que nos próximos meses poidamos conquistar entre toda a Corporación, entre todos os baioneses, un Plan que resolva as necesidades deste Concello; de ahí o noso compromiso de estar a favor de recoller a invitación que nos acaba de facer a Concelleira de traballar para que isto teña ó final un bó fin; un "non" que empeza hoxe quere dicir tamén un "sí" rotundo á participación do grupo municipal nas distintas Comisións para traballar conxuntamente;



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

un sí rotundo do partido socialista en procurar achegar a un acordo final neste Plan xa que nestes momentos non podemos comprometermos a aprobar, pero sí que nos comprometemos a traballar para conquistar un Plan que sexa ó de todos os baioneses e o de toda a Corporación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Antes de comenzar quixera facerlle unha pregunta á señora Secretaria: ¿a día de hoxe da COPTOPT non se recibiu ningún informe?.

Dende o BNG creemos, Sr.Alcalde, que dar o paso que deu vostede convocando este Pleno foi unha postura atrevida pero tamén hai que decílo: foi valiente; foi valiente e creemos que a COPTOPT non ten ningún tipo de excusa para dar de porque motivo levamos case 3 meses de atraso con respecto a este Plan; non sei cal é a excusa, quizás vostede coñece algún dato máis que nós, pero dende logo cando calquer veciño, calquer Administración Local, se dirixe á Xunta, esixe, con todo dereito e rigor, que se cumpran os prazos; eles teñen que dar exemplo e nós tamén lle esiximos que os cumpran.

E certo que isto se presentou no mes de decembro, creo recordar; e ben é certo tamén, Sr.Alcalde, que por tres veces se remitiu documentación á Xunta e por tres veces se remitiu mal porque se enviou menos documentación da que se debía enviar e cando pedían unha cousa se lle enviaba outra; o 2.1.08 se enviou mal, o 2.4.8 se lle volveu a enviar mal, e na fase inicial foi carente dalgúns documentos, e finalmente o día 3.4.08 foi cando se remitiu correctamente; debe tomar algunhas medidas para que estas cuestións non sucedan porque vai en prexuízo de todos.

Con esta precipitación ou esta valentía sua de convocar este Pleno corremos o risco de que os partidos políticos e os veciños presentemos alegacións e moitas delas non sirvan para nada; para nós, é a nosa obriga, pero para os veciños dende logo é unha auténtica burla; hai moitos deles que acuden a advogados, é metelos en gastos que son para tirar á papeleira; polo tanto nós creemos que é atrevida, esperemos que a Xunta conteste da maneira máis inmediata posible a todo este proxecto.

Este Plan Xeral, sen dúbida ningunha, é un plan cunhas directrices políticas moi acentuadas, onde se reflexa claramente cal é a política do goberno; evidentemente cando o compañeiro Lores falaba de exceso de vivendas, porque manexaban mal a base de datos, é certo; se supón que estaban todas cheas e resulta que a inmensa maioría de vivendas de Baiona están baleiras case todo o ano; polo tanto vamos a seguir aumentando o que é un pobo auténticamente fantasma.

Como decía, o documento ten unhas directrices do goberno moi acentuadas porque reflexa claramente cal é a política municipal que se está levando a cabo e que se levou toda a vida; aquí se trata de potenciar o sector terciario, o Turismo, que parece ser que é a panacea deste pobo, e nós seguimos discrepando de iso; o turismo é sen dúbida ningunha un recurso importante para a economía dos baioneses/as pero non é o máis importante, e nós creemos que hai que ser máis ambiciosos e ir a por outras alternativas.

Dixemos no seu día que o Polígono industrial que vostedes contemplan para este Concello é pequeno e ademais inviable porque non ten posibilidade ningunha de desenvolvemento xa que a zona na que o ubican ten uns desniveis tan grandes que costarían máis os muros de contención que o desenvolvemento propio do polígono, e que polo tanto non é a alternativa para as necesidades dos empresarios/as de Baiona, para a pequena e mediana empresa, porque lóxicamente nós non podemos optar a instalar empresas da categoría de Citroen neste Concello tan pequeno, con 34 km, porque non teríamos espazo para ubicálas; pero sí os pequenos e medianos empresarios, os mariñeiros que queren elaborar a materia prima e que teñen que ir a outros Concellos cercanos porque aquí non teñen onde meter unha nave industrial, e talleres, aserraderos de pedra, etc.; creemos que é imprescindible, estratéxico, unha das cuestións máis importantes; como é tamén o tema da vivenda, pero non lle vou a dicir nada máis sobre a vivenda protexida porque levan



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

vostedes xa varios anos gobernando, teñen unha parcela a disposición para dar á Xunta de Galicia para vivendas de protección e promoción autonómica e vostedes a teñen ahí achantada, non se sabe ó final se para un Auditorio ou para qué, mentres tanto os veciños e veciñas de Baiona seguen pasando carencia de vivendas.

Creemos que neste Plan, ademáis dun exceso de edificabilidade, se ve un defecto de protección de ámbitos paisaxísticos, medioambientais, e incluso destrucción das estruturas tradicionais dos asentamentos rurais e das costumes dos seus habitantes, é dicir, queren vostedes transformar a Baiona no Benidorm galego, e nós estamos moi lonxe: nos estamos na senda 21 local, moi lonxe, e vou a leer uns parágrafos: *“A Senda 21 local é un documento que desenrola un plan estratéxico municipal baseado na integración con criterios sostibles das políticas ambientais, económicas e sociais do Municipio, e que xurde da participación e toma de decisións consensuadas entre os representantes políticos, persoal técnico municipal, axentes implicados, e cidadáns do municipio”*.

Vostedes están moi lonxe de aplicar a este Plan a *Senda 21 local*, os Concellos limítrofes están por esa labor e ademáis moi ben acertada.

Nós, dende o inicio deste procedemento, Sr.Alcalde, estivemos co propósito do consenso e o seguimos estando, e para elo aínda o vénres, nesta mesma Sala, diante da Comisión Sectorial pedimos, para chegar ó consenso, transparencia e ferramenta de traballo, é dicir: documentación e que nos entreguen vostedes as suxerencias ou suxestións que fixeron os veciños/as e os colectivos e qué contestación se lle deu a todos eles; llo pedín por enésima vez e a calada foi a resposta; vostede non me deu as suxestións que presentaron estes veciños. Sr.Alcalde, o informe executivo do Plan Xeral, polo equipo redactor, dí que se presentaron neste período de avance de información pública 87 suxestións no tempo oficial, 4 solicitudes de descatalogación, 38 solicitudes de ampliación de núcleo rural, 9 solicitudes de ampliación de SUND para terreos, 3 solicitudes de cambio de industrial a residencial, 4 Montes enmán común, 4 de Asociacións de veciños, 2 posibles convenios en zona urbana, 3 posibles convenios urbanizables, 3 solicitudes de ampliación de camiños, 2 de partidos políticos, 1 de asociacións profesionais e 13 suxerencias varias; son 85; e as outras dúas ¿qué pasa, están desaparecidas?; Secretaria e Alcalde ¿fora deste prazo se presentou algunha alegación máis e fora do Rexistro?, ¿non consta ningunha máis?.

SR.ALCALDE.- Iso é o que consta.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu quero que me explique unha cuestión, Sr.Alcalde, sigo lendo o informe do equipo redactor: *“Como consecuencia deste período de información pública presentaronse 87 suxestións no tempo oficial, aínda que o Concello seguiu recibindo de modo informal outras suxestións que tamén foron estudiadas polo equipo redactor”*, eu non sei se ten algo que dicir, Sr.Alcalde, isto é gravísimo; isto quere dicir que fora de tempo, e ás agachadas, se estiveron recibindo suxestións que non sabemos se foron recollidas ou non fora de tempo e forma, fora do prazo establecido e sen pasar polo Rexistro Municipal. Sr.Alcalde, o BNG, por responsabilidade e coherencia, vai trasladar este documento á Fiscalía para que estudie a posibilidade de haber algún delito, así de claro llo digo.

Resulta que vendo polo miúdo este Plan puntualmente en certas partes deste Concello podemos comprobar nos planos que a liña de servidume non aparece, quizás sexa para disimular as edificacións que meten vostedes dentro delas, e agora mesmo xa non me extraña (sabendo o que sei) as veces que vén a certas persoas acompañando á concelleira de Urbanismo, e falo da área de reparto 05 e da 07, onde as edificacións que existen agora mesmo son vivendas unifamiliares e no Plan aparecen edificios de baixo + 3 + baixo cuberta, dentro da zona de servidume de Costas; me



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

imaxino que a COPTOPT o terá ben en conta como xa o tiveron o Ministerio de Medio Ambiente e Costas que lle dín que están fora de ordenación.

Tamén nos parece un despropósito que na área de reparto 14, 15, 16, 17, no medio dos núcleos rurais pretendan meter vostedes edificios de baixo + 3 + baixo cuberta, onde non existe nin un só servizo de alcantarillado, traída de auga, etc., non teñen vostedes ningún reparo en destruír os núcleos de poboación rural tradicional, non teñen ningún reparo en crear un impacto visual con edificios de baixo + 3 no medio dos núcleos rurais, non teñen ningún reparo en meter moles impedindo ver os paisaxes a todos os veciños/as que levan toda a vida instalados neste pobo; non sabemos, non atopamos, igual existe pero non atopamos, o sistema que van a levar adiante para desenrolar o novo vial, ¿qué o van a facer, a cachos?, un tramo aquí, outro tramo en Baredo, despois en Belesar, ¿cómo se vai a facer?, neste proxecto nós non o atopamos. Vostedes non tiveron reparo ningún en eliminar un aparcamento que viña recollido no avance do Plan, que estaba diante do Colexio de Covaterreña, non tiveron ningún reparo para meter o acceso ó PERI 5, xa o intentaron coa modificación puntual, botáronllo abaixo dende a Xunta; e volven a intentálo de novo; ¿qué pensan, que van a tragar desta vez?, o dudo; todo isto para darlle entrada a un PERI dun promotor (propietario único, creo que é); vostedes non tiveron ningún reparo en facer un aumento de solo urbán máis aínda alá da autoestrada, dende a autoestrada á comarcal 550 senón que chegan máis alá e meten varios solos urbanizables delimitados, de tal maneira que por exemplo en Baredo o solo urbanizable delimitado núm.1 ten 503.000 m², case nada.

Dí o informe do equipo redactor con respecto ó abastecemento de auga deste Polígono, que por certo non ten desperdicio: "*O abastecemento de auga potable será previsto polo Plan Parcial mediante captacións propias con depuración independente ou mediante bombeo da estación xeral procedente do Concello de Nigrán*", isto é un Plan sostible, é dicir, vostedes lle dan ós promotores 503.000 m² de terreo para edificar, uso deportivo, hoteleiro, residencial, e lle dín: "a auga que necesidades para mantér isto facedes pozos e senón vos chega comprades ó Concello de Nigrán"; pero vostedes ¿que clase de plans están traíndo aquí?, isto parece de coña; eu non sei que equipo redactor é capaz de defender un Plan como éste; me imaxino como quedarán os manantiais de todos os veciños de Baredo cando todos os que se instalen nestos 503.000 m² empecen a facer pozos de barrena e empecen a secar os manantiais.

Vamos un pouquiño máis arriba e chegamos á APD-10, Baredo, 729.000 m² de terreo previstos para zonas deportivas según había manifestado en varias assembleas o Sr. Alcalde, que era para meter calquer tipo de actividade deportiva; pois mire, xa está claro, o pón aquí no Prego: é para un campo de golf de 9 hoyos ampliable a 18; o que vostede estivo negando xa o equipo redactor o afirma; é dicir, nun Concello con 34,5 km² de extensión queremos meter un campo de golf de 729.000 m², iso sí, neste caso non dí de onde van a sacar a auga para mantér ese campo; non o poñen porque non a teñen, porque non teñen de onde sacála.

As zonas de delimitación de dominio público están mal grafiadas, mezclan zonas verdes pertencentes ó sistema xeral con espazos libres e con outras zonas verdes e a sitúan sobre a zona de servidume e de protección.

Zonas inundables; recorde que o mes pasado fixo dous anos que Sabarís inundouse, e vostedes seguen contemplando edificacións na zona inundable; seguen metendo ordenanzas con sólidos na zona inundable; ¿qué quere?, ¿volver a escoitar ós veciños decindo de quen foi a idea de aprobar un Plan Xeral con edificacións en zonas inundables?, ¿qué amparo legal teñen eses veciños cando compran a súa vivenda de que non se lle vaia a inundar?, ¿queren volver a escoitálo?, porque no ano 94 cando se presentou o Plan anterior o que lles fala advirtíulo e non tomaron medidas ningunhas; desta vez volvemos a advirtílo, pero é que non tiña que ser necesario, tiñan que ser



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

vostedes os primeiros en tomar as medidas preventivas para que nesas zonas non se construíra e non o fixeron.

Unha das suxerencias que nós fixemos foi a retirada do Camping da Ladeira, e o contemplan, pero o contemplan trasladando dentro da zona de protección de espazo natural; iso non é de recibo. Vostedes saben que o camping ten que saír de ahí por un imperativo legal da CEE pero non buscan unha alternativa real, seguen pretendendo metélo dentro dun espazo natural e iso non llo van a consentir, e o saben tan ben como eu.

Por todo isto Sr.Alcalde, nós vamos a votar un “non” pola falta de transparencia, pola falta da defensa do sistema público, e vamos a votar un “non” a arañar noso territorio e á destrucción dos asentamentos tradicionais desta poboación. Conte vostede con que o noso voto a esta aprobación inicial deste Plan Xeral vai a ser o “non”; e llo volvemos a repetir: estamos dispostos por responsabilidade a sentarnos nunha mesa e a consensuar, pero a consensuar outro Plan, e non éste que nos presentan porque isto de verdade que non hai por onde collélo. Grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- A veces o goberno queima, pero a oposición queima moito máis; esta é unha frase que sempre ten aplicación en política, estou seguro que un grupo que está na oposición se tivera que asumir responsabilidades de goberno defendería o que ten que defender, e a nosa responsabilidade é defender o futuro Plan Xeral de Baiona, en primer lugar porque creemos no urbanismo planificado e o único xeito de facélo é tendo un Plan que se axuste á normativa vixente, que a veces non é a que máis nos gusta pero é a que marca a Lei e a que ten que nacer do consenso e da responsabilidade.

Este Plan foi, dalgún xeito, iniciado polo ex-Alcalde, D.Carlos de la Peña, cando adxudicou e iniciou o proceso de contratación dun Plan Xeral para Baiona, cousa que nos parece perfecta; nós temos un Plan do ano 94, Plan que practicamente está esgotado porque entre outras cousas ten xa unha duración de 15 anos, e eu tiven a honra de ser Alcalde de Baiona cando tomamos a decisión de aprobar ese Plan e despois de 15 anos aínda estou aquí todavía con responsabilidades de goberno para facer unha valoración do que representou para Baiona. A realidade urbanística de Baiona non se parece en nada á dos Concellos que temos arredor, entre outras cousas porque nós temos un Plan Xeral que non teñen ningún dos Concellos limítrofes, incluso Vigo estivo todo este tempo cun plan máis antigo ó noso que agora parece ser que empeza a andar. Non debemos olvidar que a xente de Baiona coñece o que é o Urbanismo e o que aportou á mellora do noso pobo o PXOU, porque temos que falar de realidades incuestionables; me refiro por exemplo a que hoxe en día Baiona ten un acceso por autopista que xa lle gustaría ter a moitas cidades, é un acceso propio dunha capital de provincia; temos desenrols urbanísticos que son modélicos e me remito por exemplo ós Tendais, que se fixeron con coste 0 para as arcas municipais, ahí podemos ver que hai unha nova Baiona, impensable fai anos, onde está o Centro Médico de Saude, un aparcadoiro soterrado de 700 plazas, unhas instalacións deportivas espectaculares, o campo de fútbol do Aral, o Pavillón de Covaterreña, que por certo aínda que estaba fora do ámbito dos Tendais grazas a un convenio se lle deu volume dentro dos Tendais e o Concello recuperou todo ese espazo, que de xeito dignificou a todo o Colexio de Covaterreña e a todo o ámbito escolar.

Actuacións tan importantes como a Avenida urbana (onde vostede vivía) que sufríu unha transformación extraordinaria, e sei que a vostede naquel momento lle impactou un pouco pero logo entendeuno porque vostede é un home intelixente e responsable e as veces o que ún larga non é o que ún cree (eu entendo o que se dí de boca para fora e o que se pensa de boca para dentro); fomos dos poucos Concellos galegos que ofrecimos vivendas de protección á Xunta de Galicia, o que valoraron moito dende a Consellería de Vivenda e Solo, e ¿porqué foi posible facer iso?, foi posible porque tiñamos un Plan Xeral de Ordenación; ademais se está facendo o Centro



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

de Día en Sabarís, e poderíamos enumerar as moitísimas actuacións que se fixeron en Baiona grazas a ese Plan Xeral que hoxe está esgotado porque cumpríu todo o que representou esa transición de 15 anos. Pero o que é máis importante: o Plan Xeral foi o elemento dinamizador da economía de Baiona, ún dos elementos; eu me preocupei de buscar un dato no INEM e a media de traballadores que había na construción en Baiona durante eses anos era de 1.140 operarios e actualmente hoxe non chegan ós 300; estamos falando dun dato espeluznante e moito máis que nos debería preocupar a todos: hai que dinamizar a economía e isto se fai con actuacións reais como son as aprobacións de Plans Xerais.

Nós temos xa un traballo feito porque non é aprobar agora un Plan, é un traballo que se leva facendo dende fai máis de 5 anos por un equipo redactor; un equipo redactor que non é unha soa persoa, hai inxenieros, arquitectos, arqueólogos, psicólogos, de todo, defendendo o que é un Plan Xeral; un Plan Xeral nace polo consenso e colaboración de todas as Administracións; é imposible aprobar un Plan en Baiona senón ten o visto bó de Patrimonio, de Costas, da COPTOPT, de Medio Ambiente, de todas as Administracións, senón non se pode aprobar; por iso temos que intentar todos que Baiona teña un novo Plan Xeral, e temos que facélo por responsabilidade.

Baiona é un Concello con clara vocación urbana, porque nós cando falamos do desenvolvemento de Baiona como solo urbán non ten nada que ver con Nigrán ou Gondomar, porque son Concellos máis rurais; non teñen o 75% do chan protexido como o ten Baiona coa Serra da Groba; nós practicamente temos, da autopista para abaixo, uns núcleos que moitos deles xa se poderían considerar urbanos. Aparte de iso o desenvolvemento de Baiona como Municipio de Excelencia Turística aporta moitísimas ventaxas; vostede dí que hai moitísimas vivendas que están agora baleiras pero que se enchen no verán, e iso é moi importante, quere dicir que hai xente que quere invertir en Baiona comprando a súa vivenda, ese é un valor engadido que ten Baiona que non teñen outros Concellos; iso axuda a dinamizar a economía porque aínda cando unha vivenda esté baleira non deixa de pagar os impostos ó Concello, o que é o realmente importante para os veciños que residen en Baiona; as vivendas axudan a paliar os servizos municipais, e cantas máis, mellor.

Aparte de isto, o número de vivendas de Baiona vains axudar a manter ese 30% de vivenda de protección autonómica, e me parece perfecto ese plan da Xunta, que se reserve ese 30%, iso é correcto e queremos colaborar coa Xunta de Galicia; nós, co que estamos en contra é cos Plans sectoriais que se fan, que te marcan un polígono e te crean un gueto de 800 vivendas rompendo o equilibrio dun Plan.

O Plan significa a planificación total do territorio, que é o que hai que facer e o que hai que levar adiante; por certo, o maior defensor de creación de solo urbano é a Xunta de Galicia porque dí que efectivamente para sacarlles o máximo rendimento ós servizos ten que haber o maior número de edificacións urbanas, que as edificacións espalladas non son rentables porque lóxicamente costa moito levarlle os servizos; esta é a filosofía que existe na Xunta de Galicia.

Cando se tramita un Plan téñese que facer dende a serenidade, a reflexión, e sobre todo do sentido común, e hoxe estamos aquí debatindo un Plan e hai sosiego, hai tranquilidade, iso quere dicir que a xente de Baiona está pola labor de sacar este Plan adiante, ese é un mensaxe clarísimo do que quere o pobo de Baiona; e lóxicamente haberá xente que esté a favor, como é o equipo de goberno, e xente que esté en contra do Plan.

Eu como membro do equipo de goberno sempre defendín nos nosos debates internos que este é o momento oportuno para facer esta aprobación inicial; é oportuno por moitas razóns, a primeira é que xa pasan máis de 3 meses desde xullo, en que podíamos aprobalo, ata agora, e a COPTOPT non emitíu o informe; e non me parece mal, posiblemente teñan exceso de traballo, non pasa nada, non hai que ser críticos coa Xunta de Galicia porque as veces nos departamentos de Urbanismo da Xunta teñen moitos Plans e teñen unha realidade que llos absorbe; en cambio nós coñecemos a



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

nosa realidade, coñecemos a realidade dos veciños, suas aspiracións, as realidades das parroquias, e temos a obriga de darlles unha resposta porque moitos deles teñen o chan e non poden facer nada; e vostede decía moi ben o outro día que para un veciño que ten un solar ese é seu patrimonio; é lóxico, e a ese patrimonio hai que darlle unha resposta porque ese veciño considera que ese é un valor que ten a sua familia; se vostede cree que deixándollo de chan rústico facémoslle un beneficio pois dígallo vostede. Hai que planificar, porque estou seguro que eses veciños queren que a eses terreos que están en núcleo rural (e hai que ter en conta que en Baiona non hai grandes zonas ailladas) se lle dé unha resposta; polo tanto chegamos á conclusión firme de que todos os veciños de Baiona queren un Plan Xeral.

A situación económica obriga a todos os Concellos a adoptar medidas e creo que canto antes posible Baiona teña un Plan, mellor; e estamos dispostos a acatar o que diga o informe da Xunta de Galicia, non temos ningún problema, e precisamente éste é un Plan moi respetuoso cos veciños porque sempre buscamos respostas e solucións a menor dano; nós non queremos que haxa derribos, queremos buscar solucións a menor dano: consolidar o solo urbano, crear solo urbano de núcleo rural nas maiores zonas posibles, crear solos urbanizables, crear infraestructuras; e falou vostede do campo de golf, e ¿qué ten de malo un campo de golf?, un campo de golf nun Concello como Baiona é un ben patrimonial de todos porque vai a crear riqueza; pregúntelle vostede a calquer veciño que prefire: ou que poña seu terreo para un campo de golf ou que fique como chan rústico, seguro que se inclinará polo primeiro porque lóxicamente o que quere é sacarlle rendimento ó seu terreo, e crear riqueza no seu conxunto.

Hai unha cousa que temos totalmente clara: este é un Plan que nace da transparencia; xa tivo dúas exposicións públicas, e nace da independencia. A transparencia se demostrou coa exposición pública do avance e coa remisión á Xunta, cousa que non fixeron noutros sitios; e a independencia, independencia do equipo redactor, no que hai que confiar, ese equipo nace dun concurso público, un concurso no que podían participar a maioría dos equipos, que hai unha Comisión de Seguimento na que están todos os partidos políticos representados e todos os sectores, dende o Colexio de Arquitectos, Colexio de Inxenieros, Sindicatos, todos; e todos na última mesa, o outro día, valoraron e defenderon esta postura do goberno, máis que do goberno, da Corporación, de sacar adiante este Plan Xeral; iso é o que valoraron todos os sectores sociais e basándonos neso temos que sacar adiante este Plan Xeral convencidos de que é o mellor para Baiona, igual que no seu día aprobamos o PXOU de Baiona, que foi, repito, un elemento dinamizador dos máis importantes para a economía de Baiona nestes 15 anos. E cando se fala de tempo moitas veces se crean castillos no aire e se dí “teño un plan e vaise a consolidar” e pasan 5 anos e non se consolida nin o 10% dese Plan, porque é un plan artificial; en cambio en Baiona pasaron 15 anos e temos practicamente esgotado o chan, e se quedan algunhas zonas é porque teñen algúns pequenos problemas (normais) que hai que resolver a través dun Plan Xeral. Este Plan vai a dar agora a oportunidade ós veciños de facer alegacións para que se poidan ter en consideración e se poida lograr un documento claro e transparente, porque é vontade do equipo do goberno non só facer esta exposición de 2 meses, senón que unha vez que se fagan as alegacións, que se contesten ás mesmas, terá outra vez exposición pública, para que todo o mundo esté convencido de que a transparencia ten que ser a base do Urbanismo.

Baiona ten unha realidade que é a que é, non somos un Concello completamente plano, temos unha zona con vistas, e as zonas industriais haberá que ubicálas onde ten que ser; hai zonas inundables, outras que non; e por certo, Baiona é un dos poucos Concellos que cumpre todos os parámetros medioambientais básicos porque temos un embalse propio: ó de Bahiña; e agora se está construíndo unha depuradora para unha poboación de máis de 50.000 habitantes, que a fai a



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, isto o teño que decir públicamente, e que foi feita por consenso de todos os portavoces.

Estes son os elementos básicos para o desenrolo dun Plan, as comunicacións, a realidade urbanística; en Baiona se dan todos os parámetros posibles para que teñamos un Plan Xeral de Ordenación, o que pasa é que moitas veces os políticos non estamos á altura das circunstancias, non temos amplitude de miras e nos deixamos levar por influencias onde resiste máis o tema pasional que o tema frío no que representa o desenrolo de Baiona, e llo digo coa perspectiva do tempo do que representa un Plan para un pobo e do que pode representar nun futuro, pensando sobre todo na situación que hai nestes momentos, a riqueza que xenera o desenrolo dun Plan Xeral especialmente cunha realidade como a nosa, que somos os que mellor a coñecemos.

¿Porqué é oportuna a aprobación nestes momentos do Plan?, porque temos unha suspensión de licenzas que remata no mes de xaneiro, e a mín me consta que hai moita xente con proxectos xa feitos para presentálos por ventanilla en canto se levante esta suspensión; isto é gravísimo porque si se dera ese acto o Plan xa tiña que indemnizar a propietarios que nos presenten un proxecto axustado ó Plan anterior pero que están nun futuro vial; iso é perigosísimo; por iso nós cando suspendimos as licenzas por un ano non era para facer castillos no aire senón que era para tomar unha determinación de goberno, e teñen que estar outro ano máis, ou 2, suspendidas, eu confío en que un ano sexa tempo suficiente para desenrolar este novo proxecto de Plan Xeral; estamos en serio, e vamos en serio porque entendemos que éste é o proxecto máis importante que podemos facer nesta lexislatura porque se a mín preguntanme ¿qué é o máis importante que fixeche en Baiona durante teu mandato político? (que fixemos moitas cousas) eu sempre direi “o máis importante que aportei na miña vida á política local foi a aprobación do Plan Xeral de Ordenación urbana”, porque hai unha máxima que nunca falla e que debe ser básica para calquer político: hai que planificar para crecer ordenadamente porque senón se empeza a hipotecar o chan con vivendas incontrolables e Baiona non tería nunca a posibilidade de crecer.

Despois desta intervención, decírlle, Sr.Presidente, como responsable do equipo de goberno, que ten o noso apoio total e absoluto para levar adiante este Plan, e sei que leválo adiante é complexo, a veces hai que ceder a acordos cos grupos da oposición, acordos coas diversas Administracións, pero temos que chegar a iso a pesar de que hoxe aquí os nosos compañeiros de Corporación voten en contra, non hai que terlle en conta este voto en contra, sei que poden ser uns bós colaboradores e tamén sei que eles no seu foro interno están convencidos igual que nós de que un Plan Xeral é o mellor para Baiona; e hai unha cousa clara da que non nos podemos esquecer, este Plan pode ser modificable pero non vai haber xa en Baiona alternativas a este Plan; tirar este Plan e facer outro vai ser imposible; pero hai que lograr que este Plan sexa o mellor para todos os veciños e o mellor para Baiona, e con ese ánimo o noso voto é claro e contundente. Moitas grazas.

SRA.SIMONS, PP.- Siempre se dice por parte de los portavoces que en este Ayuntamiento gobiernan los técnicos y no los políticos; la realidad es completamente diferente dado que los técnicos dan viabilidad a los proyectos e ideas políticas (y por supuesto, un agradecimiento a su labor tan importante); por ejemplo, en la Consellería de Política territorial son técnicos los que informan el Plan General, pero no son los que firman las resoluciones, y ¿son decisiones técnicas ó políticas el mal funcionamiento de respuesta en fase de informe previo?.

Haré un resumen general de como se encuentra Galicia a nivel de planeamiento; del total de 258 Planes de ámbito general existen 87 PXOM, 15 PXOU y 125 normas subsidiarias con más de 15 años de vigencia en Ayuntamientos con un fuerte crecimiento de población; cabe señalar cuantos de estos planeamientos están adaptados a la Ley 9/2002 del Suelo de Galicia; de las grandes



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ciudades Santiago se encuentra en aprobación definitiva y Vigo en aprobación definitiva condicionada, el resto se encuentra en diversas fases de tramitación. Los Ayuntamientos adaptados a la Ley son mayoritariamente rurales y con regresión de crecimiento, siendo el 9% adaptados y dos de ellos en el litoral. Los Ayuntamientos más dinámicos disponen en su mayor parte de planes adaptados a la Ley 11/1985, como puede ser el caso de Baiona; las cifras serían las siguientes: 21 adaptados a la Ley 9/2002, 53 a la Ley del 97, 106 siguen estando adaptados a la Ley del 85, y 23 con un planeamiento todavía más antiguo, y el resto se guían por normas provinciales están suspendidos, anulados, ó sin planeamiento. Estas cifras creo que son un poco preocupantes y por eso se pide agilidad en este tipo de temas.

Podemos hacer un agravio comparativo ya que se habla de si Baiona está en posición de expansión ó si es una ciudad compacta; por ejemplo, si hacemos una comparación con el Plan General de Vigo el suelo urbano de Baiona es un porcentaje del 9,1, y en Vigo 44,63; en suelo de núcleo rural (que se habla de si es un crecimiento expansivo el que tiene en este nuevo Plan) es exactamente igual en extensión que el que había en el 94, es de 6,6, mientras en Vigo es un 1,70. En suelo urbanizable en Baiona es del 6,9, mientras que en Vigo el 14,49. Y llegamos al suelo rústico (que se habla de tanta extensión en Baiona), en Baiona el 77,4 es suelo rústico, mientras que en Vigo el 39,17.

Creo que en Vigo ponen en suelo urbano parroquias como sería Valladares, Candean; no sé muy bien cual sería la diferencia que habría por ejemplo aquí en Bahiña, o con la subida en Sabarís, si puede ser urbano en Vigo probablemente en Baiona también, las condiciones son bastante similares.

Respecto a la capacidad residencial del Plan General, comparándola con Vigo, miren, de forma explícita en el informe de la Consellería hacia la aprobación definitiva pone: "O Plan aprobado polo Concello o 29 de decembro de 2007 enmenda a maior parte das deficiencias que foron expresadas na orde do 19 de xaneiro do 2007, ben sexa introducindo as oportunas modificacións no contido do Plan (o sea, que puede ser modificado), ou ben incorporando a xustificación da que anteriormente carecía (pode ser que no informe da Xunta haxa que emitir cousas ou haxa que modificálas ou xustificálas), pois é claro que non toda información pode ser mantida como algo inalterable, si se dan explicacións suficientes sobre a adopción das determinacións que a motivaron, e así sustentase na sentenza núm. 879 do TSXG do 27.6.02.

Sobre a capacidade do PXOU de Vigo, de forma explícita pón: "O Plan expón unha xustificación sobre a súa capacidade residencial, tendo presente a autonomía do Concello para definir o seu modelo de ordenación urbanística"; penso que se Vigo pode pensa de forma autónoma cal vai a ser o futuro, nós tamén podemos facélo; ó amparo do artigo 85.1 da LOGA.

Falou o portavoz do BNG do impacto visual; eu penso que co impacto visual e o aumento de edificabilidade que propón o Plan Sectorial de vivenda protexida non se sabe si é que queren convertir a Baiona nun Navia, como ocorre en Vigo; nós necesitamos un Plan Xeral que dote a Baiona dunha vivenda protexida, por suposto que sí, pero dende logo planificadamente, cun 30% en solo urbano, en urbanizable, e non creando guetos. Grazas.

SR.LORES, PSOE.- Neste segundo turno vamos a centrarnos un pouquiño na oportunidade deste Pleno; efectivamente a Consellería retrásase na emisión do informe, pero tamén é certo que polas declaracións que fixo o Sr.Alcalde nos distintos medios que sí hai contactos entre o Alcalde e a Consellería; o propio Alcalde decía nunha entrevista fai 15 ou 10 días no Faro de Vigo que tiña información de que ese informe estaba a piques de chegar, polo tanto entendemos que non hai ningunha ruptura de relacións e que os motivos do retraso son estrictamente técnicos, e que se



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

sabía por parte do goberno que está a punto de chegar o informe correspondente, entón unha vez que se esperou 4 meses podería esperarse un pouco.

Entendemos que esta aprobación sen este informe é unha aprobación a medias, non dá seguridade xurídica a aqueles veciños e promotores que queiran empezar a facer os seus planeamentos de inversión en Baiona; de momento, mentres isto non esté resolto, esta é unha aprobación máis de declaración de intencións cunha aprobación en firme. Pensamos tamén que é un pouco prematuro facer este Pleno, case sen pensálo e sacado dunha forma tan repentina.

Decir que é certo o que dí o Sr.Vilar que todos temos a necesidade de aprobación do planeamento, do Plan Xeral; o estamos todos os grupos políticos, todos os veciños e todas as Administracións, e ahí sí que nos vamos a atopar todos; agora ben, un Plan, en principio, o que ten que ter é legalidade, ten que cumprir a legalidade; ten que ter sostenibilidade, e por último ten que ser viable. Dentro dese marco de legal, sostible, e viable, creo que todos nos vamos a atopar, independentemente que este marco tamén dé cabida ás distintas formas de ver Baiona que poidamos ter os distintos grupos e as distintas Administracións; pero nese marco creo que podemos chegar a acordos e, como dí o Sr.Vilar, haberá que ceder uns e máis outros.

Nós, neste momento, o que precisamente estamos marcando é ese marco de legalidade, e con este Plan nalgúns momentos parécenos que non se está garantizando a legalidade; tamén que se garantice a sostenibilidade, que entendemos que neste Plan non está garantizada en moitos casos; e despois, a viabilidade, e según os datos que nos dan éste é un Plan que non é viable. Unha vez que sexamos capaces de conformar esas tres premisas, a partir de ahí, xa empezaremos a falar das distintas visións que temos úns e máis outros, pero dentro dese marco; ahí sí que poderemos chegar a un acordo, e a partir de ahí a responsabilidade deste grupo socialista faráse notar, cando estemos nese marco. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Por fin nun Pleno, señorita Ana, Concelleira de Urbanismo, se recoñece por fin que un Plan Xeral é un documento, unha ferramenta política, feita polos técnicos baixo a directriz política de quen goberna; por fin vostede o recoñece, a felicito, porque ata o día de hoxe sempre que algún veciño se puña en contra dunha postura do Plan Xeral se lle achacaba que habían sido os técnicos; por fin para o bó e para o malo, vostede acaba de recoñecer que é unha ferramenta política.

En todo caso decirlle que eu en Baiona non coñezo ningún gueto; en Vigo, tampouco; en Baiona digo que non porque hai uns edificios de vivendas sociais feitos no Ponte Romano e para mín non é un gueto, nin a xente que vive neses edificios nin a que vive nos chalets; porque os que viven neses edificios, e os que pretendemos que vivan nas vivendas de protección e promoción autonómica que queremos facer en todo o Concello e nos Tendais tamén, son veciños e veciñas de Baiona como nós, nin máis nin menos, como todos nós, cunha nómina e que teñen dereito a vivenda; non son nin razas marxinais, nin xente que se adique ó narcotráfico, nin ó trapicheo; en Baiona non hai guetos; e en Navia, tampouco. Se vostede é capaz de facer a metade de vivendas sociais que se fixeron en Navia a felicitaréi en público, lle darei a miña enhoraboa; e os edificios que se fan en Navia de protección oficial e de promoción autonómica se fan en medio de edificios, é unha zona urbana consolidada; non no medio das Parroquias; non no medio dos campos.

Sr.Vilar, lle pediría que non perdera máis tempo en convencernos de que necesitamos un planeamento, claro que sí, claro que o necesitamos; é que nós esiximos que haxa un planeamento e que se adapte á lei en Baiona, por iso queremos chegar a consensos, e tamén sabemos que co peso político que temos nesta Corporación podemos chegar ata un límite nas nosas pretensións, evidentemente; o proxecto ten que ser do equipo de goberno consensuado coa oposición, para que sexa un proxecto de toda a Corporación, pero evidentemente é de vostedes, e nós trataremos



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

de melloralo na medidas das nosas posibilidades; non pretendemos que se faga o proxecto do BNG, sería absurdo, como comprenderá, dadas as circunstancias. Polo tanto non perda máis o tempo en convencer nos de que necesitamos planeamento, claro que sí, é unha ferramenta que na democracia é imprescindible porque senón daríamos co típico caciquismo de “ti eres amigo meu e che dou licenza, e ti non o eres e non lla dou”, evidentemente que queremos escapar de iso.

Decía tamén vostede na súa exposición “vivendas baleiras que no verán se enchén, é importantísimo”, ¿e vostede non cree que sería máis importante crear vivendas de promoción pública e que estiveran cheas todo o ano, e que os veciños de Baiona non teñan que ir a Tomiño, a Gondomar, ou sabe Deus onde, a facer a súa vivenda porque os prezos que hai en Baiona son desorbitados?, vostede, non cree que sería moito mellor facer un Plan que sí, que haxa solo urbano, como dí a Lei pero non se trata de facer vivendas espalladas, nin moito menos, pero é que iso non o dí a Lei; a Lei prohibe facer vivendas espalladas; o que non prohibe é que nos núcleos rurais, onde os veciños teñen parcelas en propiedade, as poidan deixar ós seus fillos para que poidan facer as súas casas con todas as garantías xurídicas que da un Plan Xeral, iso é o que pedimos nós, e por ahí, se vamos xuntos, nos enfrentaremos a quen faga falla; pero é que a Lei do Solo de Galicia non vai en contra de iso; vostedes confunden, como confundía o outro día coas súas manifestacións o Presidente de APROIN, que decía que os veciños teñen que olvidarse de facerse a súa casa nas aldeas e comprar pisos; home claro, cada ún fala da feira según lle vai néla; e evidentemente o Presidente de APROIN ten que pedir que haxa terreo, que haxa solo, para facer pisos para vender; non vai a pedir que o paisaniño que ten as súas parcelas 500 metros ó lado da súa, no núcleo rural consolidado de toda a vida, que lle vaian a deixar facer unha casa; terá que comprar un piso aínda que teña que criar os pitos na finca que lle deixa o pai, para criar pitos, pero non para edificar.

Dí vostede “aquí hai tranquilidade, aquí non hai cabreo”, ¿qué pretendía, que viñeran aquí como en Nigrán a romper as ventanas señoras de 70 anos?, ao mellor o día que se enteren do que lles vai a decir igual veñen, se vostedes pretenden levar isto adiante igual veñen, cando cheguen a darse conta do fregado no que os queren meter con este proxecto igual veñen, non me extrañaría nada, sobre todo en Baredo, según o Alcalde “a gran beneficiada deste Plan”, eu diría “a gran defenestrada”; por certo, non sei si se esqueceu, pero pode seguir anotando para contestarme, sobre o que dicen aquí os técnicos: que terán que facer pozos para darlle auga ó SUD 1, e senón lles chega cos pozos terán que coller auga de Nigrán; iso quere decir que xa recoñecen que o encoro non daría dabondo auga a toda esa previsión de vivendas; o dí aquí; pero é que para o campo de golf non dí nin eso, non dí nada.

En canto a ¿qué ten de malo un campo de golf?, moitas cousas; ten tamén boas, efectivamente: atrae turismo, iso está claro; pero mire, a extensión dun campo de golf de cesped necesita unha cantidade de auga que non hai encoro no Val Miñor que dea suministrada, aparte doutras cousas: sufren unha contaminación de abonos minerais e químicos, e de pesticidas, que pode danar toda a Parroquia de Baredo, a todos os manantiais de Baredo.

No Concello de Baiona, con 34,5 km² de extensión, é unha absoluta barbaridade meter un campo con máis de 700.000 m² para facer un campo de golf, unha absoluta barbaridade, iso é o que creemos; faga vostede un polígono industrial de 400.000 m² e o apoiaremos; non sei onde, haberá que buscálo; pero un campo de golf non, consideramos que é unha auténtica barbaridade; e ademais, como previsiblemente haxa outros cerca de aquí tampouco sería necesario.

Creo que xa lle contestei antes, Sr.Vilar, que o BNG non está a favor de nomear todo solo rústico, non; o solo rústico ten que estar protexido, que por certo ¿se deron conta que onde está serigrafiado o futuro campo de golf o están facendo sen respetar a Lei de protección de augas?, ¿se deron conta que invaden todos os riachuelos que hai nesa zona sen respetar a área de



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

protección que iso conleva?, ¿qué pasa, que ós veciños se lles esixe e ós campos de golf non?; o que non me gusta nada é como se plantexou o informe de avaliación ambiental porque a verdade é que é tan xenérico que se lle escapan todas esas cuestións, interesadamente, por suposto. Me imaxino que cando chegue á Consellería de Medio Ambiente pois tamén lle pegará un bó fognazo porque non é de recibo o que dí ese informe.

Vostede tamén afirmou aquí que a Comisión sectorial valorou positivamente o Plan Xeral, vostede leíu mal; a Comisión sectorial non o valorou positivamente, valorou positivamente que se faga un PXOU adaptado á Lei para darlle seguridade xurídica a todos os veciños e inversores deste pobo; dun Plan, non deste; dun Plan, pode ser éste ou pode ser outro calquera.

Para rematar decirlle que vostede afirmaba que non podería haber outro Plan, e digolle unha cousa: despois do que me contestou o Alcalde eu pensei que ó final de todas as intervencións ían contestarme dunha vez que raio pasa coas suxerencias que non nos queren dar, e coas contestacións ás suxerencias que non nos queren dicir onde se aplicaron, e ademáis que dí que non recibiu alegacións novas fora de tempo e prazo, e non sei onde, sen pasar por Rexistro; a isto non nos contestou ninguén; se con ese silencio o que está decindo é que o equipo redactor minte entón ese equipo redactor dende este preciso instante queda desautorizado, porque minte no seu informe; o informe do que eu lle falaba está feito por eles; non está feito polo BNG nin por ningunha Consellería; e si o equipo redactor minte cando dí “aínda que o Concello seguíu recibindo de modo informal outras suxestións que tamén foron estudias polo equipo redactor”, entón isto é moi grave, de verdade que é moi grave; iso quere dicir que fora de tempo e sen pasar polo Rexistro a oído de alguén se fixeron suxerencias e se aceptaron e se recolleron. Eu quero que alguén mo explique porque dende logo senón mo explica ninguén, o Plan na súa totalidade, Sr.Alcalde, queda desprestixiado, queda con dudas, evidentemente, queda totalmente desautorizado; dende logo ó equipo redactor, alguén, con rango de lei, vai a pedirle explicacións e terán que darllas. Vostedes están admitindo o que pón aquí e dende logo eu non me esperaba unha sorpresa destas, dende logo que non; eu podía pensar moitas cousas pero que se estiveran facendo negociacións agachadas neste Concello, a espaldas de luz e taquigrafos, dende logo que sí que é grave. Sr.Vilar, si é así, este Plan non vale para nada, este Plan cheira, así de claro, e sinto moito decilo porque volvo a repetir que nós estamos aquí dispostos a chegar a un consenso sobre un Plan con transparencia, con transparencia por encima de todo, un Plan que evidentemente terá as directrices do goberno e nas que nós poderemos participar pero por encima de todo esiximos transparencia; nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Normalmente nas votacións hai un sí, a favor; un non, estar en contra; ou abstención; pero aquí se vai a dar algo novo, é dicir, que os grupos da oposición non van a votar que non, van a votar “non, pero sí”; me parece fantástico este “non, pero sí” dos grupos da oposición, eu comprendo que as situacións políticas son as que son, os representantes políticos que están aquí son lexitimamente representantes do pobo, teñen toda a súa vontade lexitimada para tomar a decisión que consideren oportuna; entendo que son uns interlocutores válidos cos que hai que consensuar.

En canto o que decía o representante do PSOE, o Sr.Lores, efectivamente a legalidade, a sustentabilidade, a viabilidade, e o consenso, teñen que ser as bases deste Plan; e sen dúbida a vontade nosa, dos que estamos no goberno, é a de consensuar cos lexitimos representantes do pobo que son todos os concelleiros aquí presentes.

En canto ó representante do BNG, coincidimos en moitas cousas, por exemplo en que as vivendas sociais, as vivendas de protección, non son guetos, pero a concelleira dixo as cousas con moito sentido común, que lóxicamente non se poden facer 800 vivendas de protección autonómica e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ubicálas nunha soa finca, nun so lugar, rompendo o equilibrio. Baiona quizá sexa dos Concellos de Galicia con máis vivendas sociais posto que fixemos intervencións no Barrio da Anunciada, en Almirante Fontán, en Escubichas, urbanización de luxo onde ubicamos vivendas sendo eu Alcalde, e télas espalladas creo que é un bo plantexamento no que coincidimos plenamente. En canto ó consenso, repito que creo que é fundamental, e como aquí a oposición non vota “non”, vota “non pero sí”, vamos a ter ese consenso e vamos a traballar xuntos para conseguir que Baiona teña o mellor Plan Xeral.

En canto ó tema do fiscal, mire, eu levo moitos anos en política e que eu sepa a nós nunca nos condenaron por un delito urbanístico, por cuestión de fiscalidade, por certo o outro día fun alí e o pasei divinamente co fiscal e co xuíz, paseilo moi ben porque me dín conta de que eles quedaron un pouco sorprendidos do porqué nos chamaban, e tamén me dixeron “vostede sabe moito de urbanismo” e lles dixen “sei moito de urbanismo porque teño a conciencia tranquila e sei o que temos que facer en Baiona”, e ó final creo que do que se trata aquí é de facer un traballo honesto e transparente entre todos.

Tamén quero decirlle que as suxerencias non son básicas nun Plan, de feito nós xa temos un Plan e non houbo suxerencias. Sr.Fernández, vostede ten que xustificar este “non, pero sí”, entón ten que buscar algo para xustificar ante a Asamblea do BNG; mire, vostede e eu coincidimos moito en materia de urbanismo, temos falado moitas veces e coincidimos en moitos plantexamentos, vamos a seguir coincidindo; nós queremos que nos núcleos efectivamente todo o mundo poida construír dentro do posible; queremos incluso que nos solos urbanizables non haxa ningún perxudicado, que todo o mundo, en función dos metros que aporte, obteña o seu beneficio; nós queremos que non se perxudique a nadie pola cuestión de que se queden sen augas; repito, Baiona ten un embalse propia con capacidade para dar auga a todo o que representa o desenrolo, e que foi recentemente ampliado; un campo de golf ten estratexias moitísimas para obter a augas, incluso en zonas case tropicales existen campos de golf e teñen auga porque fan uns pozos que recollen a auga da choiva e fai de suministro do campo; senón dígame vostede como hai campos de golf en Canarias, ou en Dakar, ou outras zonas practicamente tropicales; e campos verdes, porque teñen esa maneira de recoller auga e incluso reciclála; e dígolle que eu non son xogador de golf, a mín gústame outro tipo de deporte, pero ao mellor algún día vostede e eu, cando sexamos un pouco maiores, xogamos unha partidiña de golf, e diremos ¿te acordas daqueles Plenos?; e miraremos canta xente de Baredo estará traballando nese campo de golf porque un campo de golf dá emprego a máis de 100 persoas entre conservación, mantemento, etc., hoxe en día sería como unha fábrica dun polígono industrial dos que vostede defende. Hai outra cousa clara: un Plan Xeral ten que adaptarse á Lei, nadie fala de facélo sen que sexa así, está claro.

Despois de escoitar ese “non, pero sí” dos grupos da oposición creo que temos que estar todos contentos porque ó fin e ó cabo existe unanimidade nesta aprobación, polo tanto vamos a seguir para adiante con este proxecto, que é o mellor.

SR.ALCALDE.- Vou facer unhas pequenas apreciacións sobre o que comentou algún dos portavoces; primeiramente, que este equipo de goberno, este Alcalde, non ten ningún medo, Sr.Xose Enrique; antes, de pequenos, nos falaban de que había o “coco” e agora resulta que é a Fiscalía; noutros Concellos houbo rotura de cristais. Nós non estamos aquí para irnos abaixo por ameazas de determinado tipo; non hai ningún problema, total transparencia, e onde teñamos que ir iremos sen ningún problema. Precisamente este Plan Xeral ten algo que non tivo ningún; a día de hoxe o que marca a Lei é que sexa exposto despois da aprobación inicial, é dicir, a partir de hoxe, unha vez publicado, a Lei marca que debe exporse ó público para presentación de alegacións; creo que é un momento fundamental, agora xa se pode intervir de forma activa.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

De todas formas, e a día de hoxe, este documento foi exposto na fase de avance e se deixou que houbera suxerencias, cantas máis aportacións poida haber mellor para todos, e se expuso unha vez que chegou o documento que o equipo redactor entendía que era o documento para aprobación inicial, que foi, como decíamos antes, no mes de decembro de 2007, fai case un ano; neste momento, non hai nadie en Baiona que non poidera ver exactamente cal é o documento posto que tamén foi exposto na páxina web; é un documento totalmente transparente; se da Fiscalía queren ter máis información, non hai problema; temos claro cal foi o procedemento e éste foi o máis transparente que fixo nunca ningún Concello, moi por enriba do que a Lei obriga; e se falou de que precisamente o Plan Xeral de Nigrán era obscuro e non transparente porque fixo o que a Lei marcou que era exposición pública despois da aprobación inicial, que non houbo; polo tanto Baiona neste tema está moi por enriba.

Sobre o que decía do campo de golf, é curiosísimo; o Delegado de Vivenda, por certo, é favorable ós campos de golf; en Mondariz Balneario, e Pontearreas, non coñecemos ningunha intoxicación de herbicidas de toda esa área, ningunha; na Toxa, tampouco; e dende logo en Portugal, en Moaña, en Meis, tampouco. O que se pretende é un espazo deportivo, que pode ser o campo de golf (e bendito sexa se así é).

As vivendas sociais. Decía Manolo Vilar, con toda a razón do mundo, que este Concello é o único que neste momento, e nos últimos 4 anos, salvo Vigo, de toda a área, que está facendo vivendas de protección oficial, a través de cooperativa ou a través de empresa privada, o único.

O que pretendía a Consellería de Vivenda non era facer vivendas nin nos Tendais nin en Baredo, era facélo en dúas áreas do futuro Plan Xeral, en Sabarís, como dixeron eles: duplicando a edificabilidade que nós tiñamos prevista, é dicir, parece ser que a edificabilidade que o noso Plan da é baixa; pero nós non queremos iso, queremos que haxa en todo o término municipal vivendas de protección oficial, que estén de forma equilibrada en todo o término; e o Plan sectorial de Vivenda, que por certo, xa ten problemas en Nigrán, ten problemas en Vigo, ten problemas en Gondomar, non busca o equilibrio territorial senón que busca facer un determinado número de vivendas, e con iso lóxicamente non vamos a estar de acordo. E hai moita demagogia nos representantes políticos deste Concello porque moito falar de vivendas de protección oficial cando a maior parte dos nosos portavoces políticos viven en chalets, polo tanto moita demagogia hai; nadie quere vivir en vivenda aillada pero nós vivimos en vivenda aillada; hai que deixar a demagogia a un lado.

Sr.Lores, nós non queremos enfrontamentos con ninguén, buscamos a colaboración de todos; eu fixen as xestións, cando publicamos, cando se fixo o avance enviamos unha solicitude ó Director Xeral de urbanismo, a día de hoxe case 2 anos e medio despois aínda non tivemos contestación a esa petición de cita; o 4 de xullo mandamos un escrito tamén ó Director Xeral de Urbanismo, comentamos que había acabado ese prazo de informe e solicitabamos unha entrevista para poder axilizar ese informe, non recibimos contestación ata que no mes de agosto un Xefe de Servizo da Consellería, por teléfono, comentou que sí estaba interesado e que para setembro a ver se tiñamos unha cita; en setembro falei co Subdirector Xeral por teléfono me dixeron que a entrevista non, mellor ata despois do informe, pero que o informe me ía chegar en 2 ou 3 semanas, que antes de acabar setembro tiñamos aquí o informe. Falei a finais de setembro e resultou que non, que para outubro; e chegamos ó 24 de novembro, o informe non está e xa non se me pon ó teléfono; nós somos responsables, queremos chegar a acordos; non é un documento imprescindible neste momento porque temos que recordar que esta é a aprobación inicial, queda unha aprobación provisional e unha aprobación definitiva, polo tanto nós estaremos encantados de que chegue canto antes ese informe e se hai que facer despois outra nova exposición pública, se fará; levamos dúas, pode ir a terceira, e non pasa nada, creo que é importantísimo que este documento saia con



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

total transparencia, que todo o mundo, todos os veciños, poidan saber exactamente que se pode facer no territorio de Baiona; para mellorar servizos. E cando se fala da previsión de crecemento do Concello de Baiona todos sabemos que esta previsión depende de moitas cousas, “10 vigueses emigran cada día a outro Municipio da Provincia”, ¿cómo podemos saber cal vai ser a evolución nos próximos anos?, o Plan Xeral o que marca é “un proxecto de..”, que crecerá, se cumprirá, ou non, según a iniciativa que haxa, as peticións, de onde queira vivir a xente; é unha planificación, pero nadie coñece o que vai a pasar; o que é evidente é que 10 vigueses emigran cada día a outro Municipio da Provincia”, ¿porqué?, non o sei, pero o certo é que están saíndo de alí; moitas xentes noutros lados de España está vindo a vivir a Baiona, con xubilación, agora hai xente que se xubila moito antes e que pode vir a Baiona; o crecemento de Baiona, de Gondomar, e de calquer pobo, depende de moitas circunstancias, e o que se pide, e creo que é razoable, é facer unha planificación. ¿Qué houbera pasado se o Plan do 94 non se houbera desenrolado?, pois podería haber un erro de planificación, se fixo un Plan que non cumpría expectativas, parecía que nadie quería vir a vivir a Baiona, pero parece que uns anos despois este Plan está xa completamente pechado, non hai posibilidades de desenrolo; polo tanto, temos a previsión de que poida ser así; pero repito que tampouco é un documento pechado, nós seguimos tendendo a man á oposición porque todo documento é mellorable e nós estamos abertos a iso, pero con responsabilidade; o que non queremos é que se diga hoxe unha cousa, mañán outra, e pasado outra; esiximos, iso sí, que a oposición teña carácter constructivo, e ahí estaremos todos xuntos. E cando decía o Sr.Fernández o non por resposta, que non podo votar, etc., iso non foi o que se falou na reunión o venres pasado, se dixo que a partir de hoxe se daba toda a documentación que se quixera, que de venres a lúns non daba tempo ó que él pedía, pero de todas formas as suxestións do avance están dentro da documentación que vostede pode pedir, está o seu alcance, non ten ningún problema, están dentro da documentación. O que sí queremos é pedir responsabilidade, se chegamos a acordos, chegamos a acordos.

Para rematar quero agradecer de verdade a todos, a todos os sectores implicados, ós que viñeron a ver as exposicións feitas, á oposición, a todos os sectores sociais, e decir que hoxe é un momento apaixonante que non debe ser oscurecido por miserias persoais. Vamos a planificar entre todos o que vai a ser o Concello de Baiona, o noso pobo, nos próximos 15 anos. Seguimos abertos, como dixen antes, a recibir a colaboración de todas as forzas sociais e de todos os grupos políticos, con responsabilidade, con total transparencia; dicen que o peor que podía pasar é que haxa máis exposicións públicas, pois eu creo que iso é bo, moi bo: que poida vélo a xente as veces que crea necesario; e para evitar problemas que aconteceron en diferentes Concellos, estamos buscando que ese documento teña absoluta seguridade xurídica, porque o planeamento de Baiona non vai a ser o planeamento deste equipo de goberno, vai ser o planeamento de todos, de todos os que somos de Baiona neste momento e dos que serán de Baiona nun futuro inmediato. Baiona ten pasado, ten presente, e terá futuro, se todos colaboramos; e hai unha persoa que eu aprecio moito, a quen non teño o gusto de coñecer, que decía “me interesa el futuro porque es el sitio donde voy a pasar el resto de mi vida”. Creo que podemos entre todos facer algo bó para o futuro dos nosos fillos e dos nosos netos, estamos no paso inicial, como é esta aprobación. Procedemos á votación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, o campo de golf da traballo, pero os polígonos industriais dan moito máis.

Sr.Alcalde, lle agradezco que esta semana nos dea, por fin, as suxencias e as contestacións a elas despois de tanto tempo. O das amenazas, nin por asomo; ou sexa, eu non lle estou amenazando; eu estoulle comunicando que o BNG, é unha decisión política, vai trasladar este documento á



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Fiscalía por se houbera algún indicio de delito, nada máis, por se houbera; non estou amenazando, estou comunicando.

SR.ALCALDE.- Entendo perfectamente; como decía o outro: “que parezca un accidente”.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), fronte a 7 en contra (5,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- APROBAR INICIALMENTE o documento do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BAIONA redactado pola consultora SERVICAT.

Segundo.- Someter o expediente a período de exposición ó público polo prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará en el Diario Oficial de Galicia y en dos de los periódicos de mayor difusión en la provincia.

Tercero.- Dar audiencia deste acordo ós municipios limítrofes.

Cuarto.- Remitir o expediente ás administracións públicas competentes ó fin de recabar os informes sectoriais oportunos.

Quinto.- Suspender ó abeiro do artigo 77 LOUPMRG as licenzas urbanísticas nas seguintes areas afectadas:

B. Según denominación do documento sometido a aprobación inicial.-

1.- En solo urbano non consolidado: As áreas de Reparto AR-01 a AR-30 ambas inclusive, e o APD-6 (Covaterreña), cunha superficie total de 34,03 Ha.

2.- En Solo Urbanizable Delimitado:

Sector	Denominación
SUD-1	Baredo-Portela
SUD-2	Baredo-Os Portelos
SUD-3	Baredo-A Ponte
SUD-4	O Cruceiro
SUD-5	Outeiro
SUD-6	O Burgo
SUD-7	O Xuncal
SUD-8	A Igrexa

Cun total de 104,35 Ha

3.- En Solo Urbanizable non delimitado



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Area	Denominación
SUND-1	Baredo-Portela
SUND-2	Ponte - O Carballo- A Torre
SUND-3	Os Eidos
SUND-4	Medialdea - Urgal
SUND-5	leira - Sopegal - O Caeiro
SUND-6	Viso de Calvos - Xuncal
SUND-7	Covaterreña - Loureiral

Cun total de 168,52 Ha

4.- Núcleos rurais.- suspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e o novo PXOM.

5. Suelo rústico.- súspondense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona y el nuevo PXOM.

B.- Según denominación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1994:

Todas áreas de solo urbano con aplicación da Ordenanza 4, nos seus grados A, B y C, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas áreas de suelo urbano de núcleo rural con aplicación de la Ordenanza 8, en sus grados A y B, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos.

Todas áreas de suelo no urbanizable de núcleos rurales con aplicación de la Ordenanza O-10 de núcleo rural y Ordenanza O-10B de tolerancia exterior, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos.

No obstante a suspensión de licencias non afectará ás solicitudes de licenzas de obra menor relativas as de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, que no seu caso se outorgarán sen dereito a indemnización e sen prexuízo da obtención doutras autorizaciónes.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.